



CCOO PRESENTA ALTERNATIVAS Á POLÍTICA DO GOBERNO E UN CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS

Recuperar dereitos | Defender o estado social

A MOBILIZACIÓN

CONTINÚA



CCOO e UGT imos convocar mobilizacións en todos os sectores, en protesta polos recortes sociais e a supresión de dereitos laborais que xa aplicou o Goberno e polas novas medidas que está propondo.

Estas reformas non servirán para crear emprego, senón todo o contrario, e condenarán miles de mozos e mozas ao desemprego, facilitarán e abaratarán o despedimento, reforzarán o poder dos empresarios —poderán fixar unilateralmente as condicións de traballo—, privatizarán a xestión do desemprego e debilitarán as negociacións colectivas e o papel democrático das organizacións sindicais.

Padecemos unha crise motivada pola desregulación política dos mercados e a cobiza da economía especulativa. Agora non só se quere utilizar a crise para xustificar unha reforma laboral e o quebrantamento de dereitos sociais e laborais —que só beneficia a quen a orixinou—, senón que se pretende debilitar de vez o poder dos Estados e a capacidade política dos

cidadáns e as cidadás.

Para CCOO non cabe a resignación. Existe outro xeito de afrontar a crise, repartindo os esforzos no canto de centralos na clase traballadora, asegurando a protección dos máis febles e dirixíndoos cara a creación dun modelo económico máis xusto e sostible. Por iso acabamos de presentar un documento de alternativas sindicais á política económica do Goberno do Estado, no que expoñemos as nosas propostas, que xiran arredor de catro eixes: cambio do modelo produtivo e creación de emprego, unha política fiscal baseada na equidade e a progresividade, a mellora dos sistemas de protección social e o fortalecemento da negociación colectiva.

Aceptar como inevitable unha deterioración permanente das nosas condicións de traballo significa renunciar á cidadanía, á política e ao sentido último da democracia. E por iso, tras a folga do 29 de setembro, temos que seguir mobilizándonos para esixir a rectificación das políticas do Goberno

e das próximas medidas que sobre pensións e xubilacións xa foron anunciadas polo executivo e están introducidas no proxecto dos orzamentos xerais do Estado.

Ademais de propor alternativas á política de recortes do Goberno, dende CCOO mobilizarémonos os días 15 e 18 de decembro. Porque lle ESIXIMOS AO GOBERNO que:

- ⇒ reverta a reforma laboral (presentaremos unha ILP para refacer a lei);
- ⇒ cumpra os acordos asinados, restituíndo as retribucións dos empregados públicos (presentamos denuncias por incumprimento de convenios no sector público en todas as administracións do estado, sendo o máis soado o da Casa da Moeda);
- ⇒ non atrase a idade de xubilación (presentamos propostas que aseguran a permanencia do sistema sen recortar dereitos);
- ⇒ remate coa política de privatizacións dos servizos públicos e aplique as ofertas de emprego necesarias para manter uns servizos públicos de calidade.

Os catro eixes dunha alternativa social

■ CCoo propón alternativas para cambiar o modelo produtivo do país, desenvolver unha política fiscal diferente, mellorar os sistemas de protección social e fortalecer a estrutura da negociación colectiva

1) Cambio do modelo produtivo e creación de emprego:

Trátase de xerar riqueza baseándose no valor engadido dos bens e servizos, para crear emprego de calidade, e rexeitando o traballo precario, non cualificado e con baixos salarios. Reclamamos:

- ⊖ Investimentos selectivos, en especial en I+D+i, para mellorar o potencial produtivo da nosa economía.
- ⊖ Apostar pola sustentabilidade enerxética e a ecoinnovación.
- ⊖ Poñer en marcha un servizo universal de banda larga e as redes de nova xeración.
- ⊖ Impulsar a investigación científica.
- ⊖ Fomentar a rehabilitación urbana e a edificación sustentable.
- ⊖ Potenciar o transporte ferroviario e a cabotaxe marítima.
- ⊖ Apostar pola formación profesional, que cualifique os traballadores e traballadoras de cara á súa inserción laboral.
- ⊖ Estender a educación gratuíta a nenos e nenas de 0-3 anos.
- ⊖ Reforzar e mellorar o funcionamento dos servizos públicos de emprego.

2) Unha política fiscal baseada na equidade e na progresividade:

É necesario incrementar os ingresos, e non atallar o déficit público só coa redución do gasto. Para isto cómpre:

- ⊖ Recuperar impostos desaparecidos ou baleirados de contido, como os de patrimonio e sucesións.
- ⊖ Perseguir a fraude fiscal.
- ⊖ Incrementar o IRPF ás rendas máis altas.
- ⊖ Aumentar o IVE aos bens de luxo.
- ⊖ Endurecer o tratamento fiscal dos capitais e das grandes fortunas.
- ⊖ Aplicar unha taxa específica para o sector financeiro.

⊖ Gravar as transaccións financeiras internacionais e penalizar a especulación.

3) Mellorar os sistemas de protección social:

A crise e a reforma laboral provocan unha substitución de emprego fixo por eventual. Isto incrementará o desemprego e fará que unhas 40.000 persoas en Galicia queden fóra do sistema de protección contributivo. Urxe:

- ⊖ Suprimir o requisito de responsabilidades familiares para que os menores de 45 anos accedan ao subsidio por desemprego.
- ⊖ Ampliar a prórroga do subsidio por dous períodos de seis meses para os maiores de 45 anos sen cargas familiares.
- ⊖ Mellorar o subsidio por desemprego ata o 100% do IPREM.
- ⊖ Potenciar a renda activa de inserción e suprimir o requisito de ser maior de 45 para acceder a ela.

Especificamente no sistema de pensións:

⊖ Rexeitar o atraso obrigatorio da idade de xubilación

⊖ Profundar na xubilación «flexible», incentivando o atraso voluntario alén dos 65 anos.

⊖ Xeneralizar o dereito á xubilación anticipada.

⊖ Recompensar as persoas que coticen máis de 35 anos.

⊖ Reformular as pensións de viuvez e orfandade consonte a realidade actual.

⊖ Recoñecer períodos de cotización por nacemento ou coidado de fillos.

⊖ Mellorar as pensións mínimas.

4) Fortalecer a negociación colectiva:

Cómpre potenciar a negociación colectiva, situando o emprego como obxectivo prioritario, e introducir cláusulas de garantía que preserven o acordado sobre a evolución da inflación. Hai que recuperar o acordo da función pública para evitar maiores retrocesos nas condicións de traballo e a deterioración dos servizos públicos e promover o desenvolvemento do Estatuto básico. É preciso evitar que o Goberno tome a iniciativa, para que non lexisle contra os intereses da clase traballadora, como aconteceu coa reforma laboral. Para isto é necesario:

⊖ Adoptar medidas que potencien convenios sectoriais e a súa articulación con outros de ámbito inferior.

⊖ Resolver os factores que xeran inseguridade xurídica na ordenación das fontes da relación laboral.

⊖ Revisar os instrumentos para o seguimento e control da aplicación dos acordos.

⊖ Loitar contra a atomización dos convenios.

⊖ Potenciar a cobertura das actividades sen convenios sectoriais de referencia mediante a ampliación de ámbitos funcionais, a través da extensión de convenios ou creación doutros novos.

